

Acta do Consello Municipal de Deportes:

Nº	Entidades convocadas	Lugar	Data e hora
2	Membros Consello Municipal	Pazo da Peregrina de Bertamiráns	1/06/2016 (20:00 h)

1.- Persoas asistentes, facéndose constar a representación que ostentan en cada caso:

ASISTENTES:

CLUB DEPORTIVO RUTAS A PIE	
CLUB PIRAGÜISMO RIBEIRAS DO TAMBRE	SI
CLUB ATLETISMO SAR	
ASOC. MOTOCLUB AMEIXENDA	
SOCIEDADE CAZA E PESCA AZOR	
ASOC. CULTURAL – DEPORTIVA ALDEA NOVA	
CLUB VOLEIBOL BRUXAS	SI
ASOC. GALEGA E DESARROLLO DO CICLISTA	
ASOC. DEPORTIVA VAL DA MAÍA	SI
CLUB BALONCESTO AMES	
CLUB BALONCESTO XL MILLADOIRO	
CLUB ATLETICO BERTAMIRANS	SI
BUGALLIDO C. F.	
CLUB FÚTBOL AGRÓN	
BERTAMIRÁNS F. C.	
MILLADOIRO S. D.	SI
CLUB FUTBOL ORTOÑO	
CLUB ATLETISMO MILLARAIO	
CLUB BIDUÍDO S. R.	
CLUB DEPORTIVO KARATE AMES	SI
CLUB CICLISTA AMES	SI
DON BUDI C. F.	
F. C. MEIGAS	SI
CLUB DEPORTIVO MILLARENGO CULTURA	SI
S.D. COMPOSTELA MONUMENTAL	
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA OMEGA	SI
CLUB PATINAXE SARELA	
ASOCIACIÓN DEPORTIVA BASQUET AMES	SI
CLUB CICLISTA OS ESFOLA ARRÓS	SI
AMES RADIO CONTROL CLUB	
CC REPEITIÑOS DA CAPILLA	
ASOCIACION DEPORTIVA RODANDO BIKE	
AGRUPACION DEP. CONFIADOS MILLADOIRO	
CLUB BALONCESTO A MAHIA	

CLUB DEPORTIVO DE BAILE DANZAYA	
CLUB DE TAEKWONDO AMES	SI
EEI MILLADOIRO	
COLEXIO ALCA	SI
IES DE AMES	SI
IES DO MILLADOIRO	
CEIP DE BAROUTA	
CEIP AGRO DO MUIÑO	
CEIP DE VENTÍN	
CEIP DA MAÍA	SI
ANPA IES DE AMES	SI
ANPA DA MADALENA	
ANPA SAN MAURO	SI
ANPA AGRO DO MUIÑO	SI
ANPA VENTÍN	
ANPA MILLAPEQUES	
ANPA O BOSQUE	
ANPA VAL DA MAÍA	SI
ANPA DO IES DO MILLADOIRO, ANPAMILLA	
ANPA AGORA IES MILLADOIRO	
EULEN	SI
MELLOR DEPORTISTA MASCULINO	
MELLOR DEPORTISTA FEMININA	
AMES NOVO	SI
PP	SI
PACTOXAMES	SI
CIUDADANOS	
CONTIGO PODESE	
BNG	

2.- Puntos principais das deliberacións con indicación das persoas intervincentes.

Tomou a palabra o Alcalde para presentar a reunión e dar aprobación á acta anterior.

Despois desta aprobación da acta, o Alcalde introduciu o tema central da reunión que era a xestión das Escolas Deportiva Municipais, onde o alcalde dou lectura ao borrador e foi aclarando os distintos puntos. Os puntos que se salientaron do citado regulamento foron os seguintes:

- Obxectivos
- Ampliación dun mes (xuño) de clases de Escolas Deportivas (de outubro a xuño)
- Nº mínimo de horas á semana: 1 h.
- Titulación esixida: monitor nivel 1.
- Existencia dun coordinador.
- Notificación dos monitores e emisión de informes: resumo de baixas, resultados competicións,

incidencias....

- Dereitos dos clubs.
- Lei de protección de datos.
- Información inicial aos pais e nais.

Comeza o debate sobre este punto Fernando Lizuain (presidente do CV Bruxas) argumentando que co novo sistema non se ten previsións de ingresos e que coas posibles baixas o club perde ingresos ao longo do curso. Os ingresos tamén se verían afectados polas posibles bonificacións das familias numerosas.

Despois desta aportación xurdiu un debate sobre os non empadroados, sobre os cobros, pedindo que se lle cobrara máis aos non empadroados. O alcalde informou que actualmente as actividades das escolas deportivas eran soamente para empadroados, pero que se lle debería dar preferencia aos empadroados, pero habendo vacantes poderíase dar a posibilidade de acceso ás actividades aos non empadroados.

Javier Freire, presidente da AD Val da Maía, argumenta que se explique o da titulación, xa que o de similar queda a criterio aberto. O alcalde argumenta que este goberno aposta pola calidade no servizo e que a titulación do monitorado e o ratio monitor/alumnos é a base para tentar conseguir dita calidade. Sobre o ratio de monitor/alumno débátese e chégase á conclusión de que non se debe superar os 16 nenos/as en actividades de Escolas deportivas, pero dependerá en todo caso da actividade a impartir.

Intervén o adestrador de taekwondo argumentando que, como club, eles cobran 20€/mes para 2 días por semana e que a actividade do Concello sería de 20 €/trimestre. Isto para o club de taekwondo sería inviable, único poder propoñer un grupo de iniciación, 1 día á semana por 20 € ao trimestre e o que quixera máis actividade tería que introducirse no club.

O representante do ANPA do Agro do Muiño intervén, indicando que non tiñan coñecemento de que non van a levar as actividades extraescolares, ao que alcalde aclara que este tipo de actividades van a seguir existindo e a maiores as escolas deportivas.

Algúns dos clubs manifestan que para o seu club non é viable o sistema de levar as escolas deportivas por parte dos clubs xa que non lle encaixaría economicamente.

Pilar Veiga, representante do IES de Ames, demanda actividades para maiores de 16 anos, xa que esta é unha idade onde é difícil enganchar aos usuarios con algún tipo de actividade lúdica e educativa. O alcalde manifesta que para estes grupos de idades se van a programar actividades novas, coma o pádel, adestramento funcional, aerozumba....

Intervén Antón Pacheco, representante da empresa EULEN concesionaria das Escolas deportivas, onde fai unha aportación sobre a profesionalización do deporte, indicando que na actualidade non se opta por esta vía, existindo na actualidade moito voluntariado que non ten a formación axeitada para levar a cabo unha determinada actividade que debería estar profesionalizada. Argumenta que se debe tender a unha profesionalización do sector e que o sistema de precios baixos para os usuarios e a xestión por parte dos clubs non vai propiciar dita profesionalización.

As ANPAS de Barouta e do Agro do Muiño manifestan as súas dúbidas sobre a preferencia dos alumnos do colexio para as actividades do propio colexio e á inversa de actividades que non existen no propio colexio para poder acceder a outras doutro centro educativo. O alcalde intervén dicindo que haberá que regular esas situacións, dando as mesmas oportunidades a todos os alumnos dos centros educativos.

Algúns dos clubs volven a manifestar que para o seu club non é viable economicamente e que na subvención o Concello asuma o resto do custe do alumnos que non cubra os 60 € ao ano. O alcalde manifesta que isto non é posible xa que as subvencións son en concorrencia competitiva.

A representante do Club de Patinaxe Sarela pregunta si os horarios das Escolas Deportivas van

afectar aos horarios dos clubs. O alcalde responde dicindo que as Escolas Deportivas terán prioridade de horarios nas instalacións deportivas municipais.

Javier Freire do AD Val da Mahía, expón que si se decide seguir co sistema habería que asinar un convenio coas normas do regulamento das escolas deportivas.

Fernando Sáinz, representante do Club Atletismo Sar, tamén expón sobre unha casuística onde se pode dar unha maioría de alumnos que sexan de familia numerosa e que neses casos pode perxudicar enormemente a previsión de ingresos dalgún grupo das escolas deportivas.

Tamén se debate sobre a idade limite de escolas deportivas, no que se establece que esta irá en función de cada deporte.

Por último, o alcalde informa que os clubs interesados en formar parte do proxecto de Escolas Deportivas para o vindeiro curso deberán de comunicalo mediante correo electrónico con límite de prazo ata o vindeiro mércores 8 de xuño.

3.- Temas tratados e resultados das votacións, se fose o caso.

Presentación do borrador sobre o funcionamento das Escolas Deportivas Municipais 2016-17: debate e posibles propostas sobre o interese de levar a caba dito proxecto por parte das distintas entidades deportivas.

Non houbo votación sobre ningún dos temas tratados

4.- Contidos dos informes e/ou propostas.

Non houbo informes nin propostas que se deban valorar.